



# GALEGO

Manuel María

Manuel María

Vida e obra





Este ano 2016 dedícaselle o Día das Letras Galegas a Manuel María, un dos escritores más prolíficos, activos e comprometidos dos últimos tempos. Publicou máis de cincuenta libros de poesía, máis dun milleiro de artigos xornalísticos, trinta ensaios, quince obras narrativas, e vinte pezas teatrais. Ten moitas obras aínda inéditas.

**Toda a súa obra reflicte o seu amor ao país, á súa terra, á xente, á súa dona, ás cousas cotiás... Dedicoulle unha especial atención aos nenos e nenas con poemarios, contos, obriñas teatrais... Foi traducida a numerosos idiomas: catalán, éuscaro, castelán, inglés, ruso, bretón, ...**




**Manuel María ao pé do “seu” regato do Cepelo.**

**Manuel María  
Fernández Teixeiro,  
naceu en Outeiro de Rei,  
na casa das Hortas,  
o 6 de outubro de 1929.**



**-Comeza a escola en Outeiro en plena guerra civil e logo prepara en Rábade o ingreso no Instituto, cun mestre que dedica as tardes dos sábados a ler e comentar textos poéticos galegos.**



**Manuel María cos pais e irmáns (1940)**



**Manuel María con 11 anos**

**1942: Inicia o Bacharelato no Instituto  
Masculino de Lugo.**



**Manuel María con 16 años**


**-1949: Con só dezanove anos  
pronuncia no Círculo das Artes de  
Lugo a súa 1ª conferencia.**

Intégrase no faladoiro do café *Méndez Núñez* de Lugo, convidado polo poeta Luis Pimentel, na que participan tamén escritores como Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro ou Carballo Calero.  
Nesta época, de posguerra e censura, os faladoiros dos cafés eran os únicos foros de intercambio cultural e político.



**Co equipo de fútbol do Instituto de Lugo (1949)**

-1949: escribe o seu primeiro poemario, *Muiñeiro de brétemas*, que sairá ao ano seguinte na colección *Benito Soto*, de Pontevedra.



(1950)

O seu primeiro libro de poemas ten un triplo valor histórico: é o primeiro libro que publica Manuel María, é a primeira obra que sae á luz dun poeta novo despois da guerra e é o texto que marca a aparición dunha nova corrente poética na lírica galega: a *Escola da Tebra*.

-1949: Matricúlase por libre en Filosofía e Letras na USC, estudos que abandona ao ano seguinte para comenzar Dereito.

-Nacen os primeiros versos de *Morrendo a cada intre*.

-A morte en accidente do seu irmán máis novo prodúcelle unha profunda crise íntima e relixiosa que o leva a escribir *Libro de pregos*.

-1952-53: Fai o servizo militar en Parga e en Compostela, onde coincide con Uxío Novoneyra.

-Participa nos faladoiros do café “Español”, onde entra en contacto con intelectuais galeguistas como Luis Pimentel.



En Compostela con Maside, Uxío Novoneyra...

-En Lugo, xa liberado do servizo militar, inicia os estudos e prácticas de Procurador dos tribunais, publica o seu segundo poemario e gaña o Premio Castelao de Poesía do Centro Galego de Bos Aires.

-1953 escribe a primeira redacción de Terra Chá, que é un verdadeiro reencontro coa vida chairega e coas súas raigames labregas. Son anos de intensa creación poética, con varios libros, algúns que se publicarán moito máis tarde.

-1954: Publica *Advento* (Bos Aires) e *Terra Chá* (Lugo).




-1958: Instálase en Monforte de Lemos, onde exercerá a actividade profesional de Procurador dos Tribunais ata a súa xubilación.

-Publica *Documentos persoais* (Lugo).



Con Vicente Risco na exposición de Celia Cortés, 1959.



Xulio Cuns, Méndez Ferrín, Manuel María, Franco Grande e Ramón Lourenzo en Compostela, 1957.

**-1960: Casa con Saleta Goi, a que  
será a súa compañeira durante  
toda a vida.**




Con Saleta, 1959.



-Entre 1959 e 1963 mantén unha grande relación co grupo de intelectuais de Ourense (Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas...) e asisten ás primeiras reunións para reorganizar o nacionalismo galego. Intensifica a súa creación, non só como poeta, senón tamén como narrador e dramaturgo.

-1962: *Libro de Pregos* (Lugo).

-1963: *Mar Maior* (Vigo).



Ramón González Alegre, Aquilino Iglesia Alvariño, Saleta Goi, Manuel María, Méndez Ferrín, Carlos Somoza e Villar del Río.  
Día da Patria Galega (1960)

Nestes tempos comprométese co  
nacionalismo e percorre o país  
participando en importantes  
acontecementos para a cultura  
galega: a presentación de Raimon e  
da Nova Canción Galega, a creación  
da colección de poesía Val de Lemos,  
a edición de discos en colaboración  
coa discográfica EDIGSA, a  
inauguración da Libraría Xistral...

No campo creativo a súa voz é cada  
vez más comprometida e  
combativa...



Manuel María e o  
grupo da Nova  
Canción Galega, 1968

**El Progreso, 25, Xuño, 1969**

# Multa de 75.000 pesetas al poeta Manuel María

## Por haber participado en un acto que provocó expresiones subversivas

El poeta lucense Manuel María Fernández Teijeiro ha sido sancionado por la Dirección General de Seguridad con una multa de setenta y cinco mil pesetas por haber presidido, según la correspondiente resolución, un acto que provocó expresiones subversivas en un aula de la Facultad de Ciencias Políticas y Económicas de Madrid. En el acto, que se indicó que el referido acto consistía en un recital de poesía bajo el título "Galicia contra la reacción", se realizó una pancarta alusiva al "imperialismo" y colocándose en el plató súper.





A black and white photograph showing five men standing behind a large, ornate wooden podium. From left to right: a man in a dark jacket, a man in a light-colored jacket, a man with glasses in a dark jacket, a man in a light-colored jacket, and a man in a dark jacket. They are all smiling at the camera.



## XISTRAL

Unha das iniciativas máis destacadas de Manuel María foi a creación da Editorial Xistral, en Lugo no ano 1952 na que se publicaron obras de Luz Pozo, Carballo Calero, Pura Vázquez, Cabanillas... O traballo continuou en Monforte, con Saleta. Na colección Val de Lemos viron a luz obras de Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas ou Bernardino Graña; e escritores noveis, como Lois Diéguez, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo Andión, Luís Álvarez Pousa, Fiz Vergara Vilariño, Xosé Lois García..



- 1964-65: *Acusación privada* (inédito)
- 1967: *Versos florecidos en lovanza de Foz*
- 1968: *Proba documental* (Monforte)
- 1968: *Os soños na gaiola* (Lugo)
- 1969: *Versos para cantar en feiras e romaxes* (Montevideo)
- 1969: *Versos para un país de minifundios* (Bos Aires).
- 1970: *Palabras para lle decir á propia terra* (inédito).
- 1970: *Canciós do lusco ó fusco* (traducida ao francés co título de *Heures Galiciennes*, e tamén ao bretón e holandés).
- 1970: *Remol* (Bos Aires).
- 1972: *Odas nun tempo de paz e de alegria* (Porto)





## CARACOL

*Caracol, col, col;  
caracol, caracoleiro:  
pon os teus cornos ao sol  
xa que es tan frioleiro!*

*Ao lombo levas a casa,  
caracol, caracoleiro:  
e deixas cintas de seda  
engalanando o carreiro!*

*Caracol, col, col;  
caracol, caracolón:  
pon os teus cornos ao sol  
ao sol os teus cornos pon!*

**(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1954)**



**-1970: foi elixido como membro correspondente da Real Academia Galega e en 1975 presentou a súa renuncia nunha carta pública pola ineficacia desta institución en defensa da lingua galega.**



Participando nun mitin, 1977



Na Feira do Libro, en Sarria, 1981.

**A partir destes anos participa intensamente nas actividades de entidades como a Asociación Socio-Pedagólica Galega ou a recén creada Asociación de Escritores en Lingua Galega e emprende tamén unha serie de viaxes que o levan a diversas partes de Europa e América.**



**Irmandade galega de Caracas, 1981.**




**Festa da poesía  
en Salvaterra, 1982.**

- 1973: *Aldraxe contra a xistra* (Xenebra).
- 1973: *Informe para axudar a alcender unha cerilla* (Montevideo).
- 1973: *Laio e cramor pola Bretaña* (Lisboa).
- 1973: *Seis pétalos de rosa en xeito de retrato* (Monforte)
- 1976: *Cantos rodados para alleados e colonizados* (Pontevedra).
- 1977: *Poemas ó outono* (Madrid).
- 1977: *Poemas para construir unha patria* (A Coruña).
- 1978: *O libro das baladas* (Santiago de Compostela)



- 1979: *Cecais hai unha luz* (inédito)
- 1979: *As rúas do vento ceibe* (A Coruña).
- 1979: *Cataventos de neutrós domesticados* (Lugo).
- 1980: *As brétemas do muiñeiro e poema da néboa aferrollada* (Monforte)
- 1981: *Poemas da labarada estremecida* (Vigo).
- 1982: *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* (Vigo).
- 1982: *Versos do lume e do vagalume* (Ourense).



## A FALA

*O idioma é a chave  
coa que abrimos o mundo.*

...

*O idioma é un herdo,  
patrimonio do povo,  
maxicamente vello,  
eternamente novo.*

*O idioma é a patria,  
a esencia máis nosa,  
a creación común  
meirande e poderosa.*


*O idioma é a forza  
que nos xungue e sostén.  
Se perdemos a fala  
non seremos ninguén!*

...

*Renunciar ó idioma  
é ser mudo e morrer.  
Precisamos a lingua  
se queremos vencer!*


...

(AS RÚAS DO VENTO CEIBE , 1979)



Con Lois Diéguez nunha manifestación  
en defensa do noso idioma.

- 1984: *A luz resucitada* (A Coruña).
- 1984: *Cantigueiro de Orcellón* (O Carballiño).
- 1985: *O camiño é unha nostalxia* (A Coruña).
- 1986: *Oráculos para cavaliños do demo* (Ourense).
- 1986: *Ritual para unha tribu capital de concello* (Ourense).
- 1988: *As lúcidas lúas de outono* (A Coruña).
- 1988: *Sonetos ao Val de Quiroga* (Quiroga).



## A SALETA

*Non sei como agradecer tanta tenrura,  
tantos días usados en común,  
tantas horas de plenitude,  
tanta beleza que enterraches en min,  
tanta luz gastada simplemente  
en ollarme envellecer: oficio duro,  
doente, fatal e inevitábel.  
Eu só teño, para celebrar a túa  
nidia e inmarcesíbel primavera,  
esta melancolía señardosa  
semellante, cecais, a unha camelia  
e as palabras murchas e acedas  
que intentan florecer nos meus poemas.*


(A LUZ RESUCITADA, 1984)



- 1990: *Cancioneiro de Monforte de Lemos* (Monforte).
- 1991: *Compendio de orballos e incertezas* (Santiago de Compostela).
- 1992: *Panxoliñas* (Guitiriz).
- 1993: *Poemas a Compostela* (A Coruña).
- 1993: *A primavera de Venus* (Santiago de Compostela)



- 1994: *Cantigas e cantos de Pantón* (A Coruña).
- 1994: *Poemas para dicirlle a dúas lagoas* (A Coruña).
- 1996: *O Miño canle de luz e néboa* (A Coruña).
- 1997: *Sonetos á casa de Hortas* (A Coruña).
- 1998: *Cantos, coplas e romances de cego* (Lugo)
- 2000: *Brétemas do muiñeiro* (A Coruña).
- 2000: *Os carreiros do soño* (Monforte).



- 2001: *Obra poética completa I (1950 a 1979)* (A Coruña).
- 2001: *Obra poética completa II 1981 a 2000* (A Coruña).
- 2003: *Cancioneiriño de Valdeorras* (Carballo).
- 2004: *Elexías á miña vida pequeniña* (Vilalba).
- 2010: *Cecais hai unha luz* (A Coruña).



# TEATRO

- 1957: *Auto do taberneiro.*
- 1960: *Edipo.*
- 1961: *Auto do labrego.*
- 1961: *Auto do mariñeiro.*
- 1968: *Barriga Verde.*
- 1973: *Auto da costureira.*
- 1977: *Auto trascendental da escola tradicional.*
- 1978: *Semente de dramón dos medios de comunicación.*
- 1978: *Auto de simulación da caravilla.*
- 1979: *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela.*
- 1980: *Auto da autonomía.*
- 1982: *Auto do maio esmaiolado.*
- 1985: *Auto do camiñante.*
- 1986: *Auto do pescador de cana.*
- 1986: *Entremés da OTAN.*
- 1989: *A revolución de 1846 ou Abril de lume e ferro.*



- 1991: *Brevísimo auto do outono.*
- 1991: *Paso do viño novo.*
- 1992: *Farsa de Bululú* (estreada en Fene en 1979)
- 1992: *A lúa vai encuberta.*
- 1992: *Auto do Castromil ou a Revolución dos baúles.*
- 1992: *Farsa épico-lírica –ou viceversa- moi moral e de grande proveito sobor da doutrina político-metafísica da Comell/hada Frainal/eu.*
- 1992: *Novo entremés famoso da pesca do río Miño.*
- 1992: *Unha vez foi o trebón.*
- 1993: *Auto do regato de Cepelo.*
- 1993: *Auto de Don Gaiferos ou o Trásito Illuminado.*
- 2003: *Edipo.*







# NARRATIVA

- 1952: *Contos en cuarto crecente*.
- 1971: *O xornaleiro e sete testemuñas más*.
- 1973: *Kricoi, Fanoi e D. Lobonís*.
- 1990: *Os ontes do Silencio*.
- 1991: *A Tribo ten catro ríos*.
- 1991: *Unha sombra vai polo camiño e Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos*.



- 1992: *Cando o mar foi polo río.*
- 1992: *Novos Contos para nenos.*
- 1994: *Viaxes e vagancias de M.P.*
- 1995: *Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei.*
- 1997: *As ribeiras son escuras.*
- 2003: *Historias do empardecer.*
- 2003: *O bigote de Mimi.*
- 2004: *Ensaio histórico, biográfico e filosófico que parece un conto.*



# ENSAIO

- 1958: *Notas encol da poesía de Fermín Bouza Brey* (R.A.G.).
- 1967: *Raimon, poeta do Noso Tempo* (Galaxia).
- 1968: *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega* (Univ. de Coímbra).
- 1972: *Noticia da Poesía Galega de Postguerra* (Sociedade de Lingua Port.).
- 1988: *Gabriel Aresti: Albre e Pedra* (Eusko Ikaskuntza).
- 1989: *O tema da emigración na poesía galega* (Comisión Galega do V Centen.).
- 1991: *A presencia do mar na poesía galega* (Eusko Ikaskuntza).
- 1991: *Ánxel Johán. Sonetos de vida e morte* (Deputación de Lugo).
- 1997: *A recuperación da narrativa en galego: Ánxel Fole* (AS-PG e A N. Terra).
- 1997: *Poetas entre a tradición e a modernidade. Luis Amado carballo e a súa escola poética* (AS-PG e A N. Terra).



Caricatura de  
Calros Silvar.

**-1998: Manuel María e Saleta trasladan a súa residencia á cidade da Coruña, onde pasa os seus últimos anos e onde manterá unha tertulia no Kirs.**



**Prantando un carballo na Carballeira de Santa Sabela de Outeiro de Rei, 1997.**



A Coruña, 2002.



Participando no “Correlingua”, A Coruña, 2001.



Nunha homenaxe a Alenxandre Bóveda, A Coruña, 2002.

**-2003 ( 15 de febreiro) ingresa como académico numerario na Real Academia Galega. Le o discurso “A Terra Chá, poesía e paisaxe”.**

REAL ACADEMIA GALEGA

**A TERRA CHÁ:  
POESÍA E PAISAXE**

DISCURSO LIDO  
O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2003  
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN  
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON



MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO  
E RESPONDA DO EXCELENTE MÍSTICO SEÑOR DON  
XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN




A CORUÑA  
2003



-2004 (8 de setembro): morre na Coruña.  
Despois do velorio no Panteón de Galegos Ilustres, o seu corpo foi trasladado a Outeiro de Rei.






**Morre Manuel María,  
o patriarca chairego**



# MANUEL MARÍA NA VOZ DOS MÚSICOS

No ano 1968 naceu Nova Canción Galega, un movemento musical de especial relevancia na nosa historia que foi presentado por Manuel María no Cine Capitol de Compostela o 1 de decembro. A partir daquela altura, Manuel María converteuse nun dos poetas más cantados por voces e grupos galegos: Fuxan os Ventos, Suso Vaamonde, A Quenlla, Maria Manoela, Uxía...



## RECOÑECIMENTOS

A longa traxectoria, o compromiso sinceiro e a calidade do seu traballo foi recoñecido en numerosas ocasións e moitos foron os parabéns, homenaxes e premios cos que foi destacado.

- 1954:** gaña os Xogos Florais de Ourense.
- 1966:** primeiro premio “Frol Natural” nos I Xogos Florais de Foz.
- 1976:** gaña o I Concurso de guións cinematográficos de Nós. Cinematográfica Galega.
- 1987:** foi nomeado fillo adoptivo de Monforte de Lemos.
- 1989:** a Asociación Xermolos celebrou os Primeiros Encontros na Terra Chá.
- 1990:** o Patronato Curros Enríquez concédelle o premio “Celanova, casa dos poetas”.
- 1994:** recibe “Pedrón de Ouro”, outorgado en na Casa Museo de Rosalía de Castro.

En Padrón, con motivo da entrega do Pedrón de Ouro, 1994.



**-1995:** recibe unha homenaxe dos escritores lucenses.

**-1995** a AS-PG tributoulle unha grande homenaxe no Teatro Rosalía de Castro (A Coruña), coincidindo coas XIX Xornadas do Ensino.



Con Isaac  
Díaz Pardo.

Cantando os seus  
poemas con Suso  
Vaamonde.



- 1996: a Federación de Libreiros de Galiza concédelle o “ Premio de autor”.
- 1997**: a Asociación de Escritores en Lingua Galega organiza en Outeiro de Rei a homenaxe “O escritor na súa terra” na que se plantou un carballo, decubriuse un monumento conmemorativo e inaugurateuse unha rúa co nome do poeta.
- 1999: concédeselle o premio Moncho Valcarce “Pola Promoción da Terra”
- 1999: recibe o premio “Otero Pedrayo”
- 2000**: todos os centros de ensino da Terra Chá, xunto con colectivos culturais e concellos, deciden celebrar o 21 de marzo o “Día das Letras Chairegas”, dedicándolle o primeiro ano a Manuel María.

Inauguración do monumento en Outeiro de Rei levantado pola AELG con motivo da entrega do E de escritor. 1997



- 2007: constitúese a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para manter o seu legado e a súa memoria.
- 2013: inaugúrase, na súa casa natal en Outeiro de Rei a Casa Museo Manuel María.



# ALEMÁN

Manuel María - Günther Eich

## **Günter Eich (Biografía)**

Naceu en Lebus, preto de Fankfurt an der Oder, o día 1 de febreiro de 1907.

Estudou cultura oriental, dereito e economía.

Nos seus primeiros anos como autor dedicouse á escritura de obras de radio-teatro e á poesía. Estas primeiras obras aparecen entre 1927 e 1931. Dende 1932 traballa como escritor independente.

En 1939 é chamado a filas. Participa como soldado na Segunda Guerra Mundial, onde foi preso de guerra dos EEUU.

Despois da guerra entra en contacto con Alfred Andersch e Hans Werner Richter, editores da revista "Der Ruf" (A chamada). A través da relación con Andersch e Richter pasa a formar parte da "Gruppe 47" (grupo de autores e editores que se reúne unha vez ó ano nunha xuntanza de tres días).

O significado literario de Eich comeza a gañar importancia a partir de 1945.

Nos anos 50, Eich escribe un número importante de obras de radio-teatro, que marcan a moitos outros autores.

En 1953 casa con Ilse Aichinger, escritora e tamén membro da "Gruppe 47".

Nos seguintes anos apoia a revista "Akzente" e dá moitas conferencias, sobre todo no estranxeiro.

O 20 de decembro de 1972 morre en Austria, na cidade de Salzburgo, debido a unha enfermidade cardíaca.

## **Grupo de alemán Básico Intensivo EOI Lugo**

<b>Ende eines Sommers</b>	<b>Fin dun verán</b>
Wer möchte leben ohne den Trost der Bäume! Wie gut, dass sie am Sterben teilhaben!	Quen quere vivir sen o consolo das árbores! Que ben, que tamén participen da morte!
Die Pfirsiche sind geerntet, die Pflaumen färben sich, während unter dem Brückengang die Zeit rauscht.	Os pexegos están recolleitos, as ameixas tínguese, mentres baixo o arco da ponte o tempo murmura.
Dem Vogelzug vertraue ich meine Verzweiflung an.	Ás aves migratorias encomendo a miña desesperación.
Er misst seinen Teil von Ewigkeit gelassen ab.	Elas miden con serenidade a súa parte da eternidade.
Seine Strecken  werden sichtbar im Blattwerk als dunkler Zwang,  die Bewegung der Flügel färbt die Früchte.	As súas rutas migratorias  fanse perceptibles na follaxe como unha forza escura,  o movemento das ás tingue os froitos.
Es heißt Geduld haben.	Hai que ter paciencia.
Bald wird die Vogelschrift entsiegelt,  unter der Zunge ist der Pfennig zu schmecken.	Pronto a escritura das aves será descifrada, e baixo a lingua hai un penique para saborear.

**Traducción: Ana Lavandeira Abelaira (Básico Intensivo)**

## KURZE BIOGRAFIE VON MANUEL MARÍA

Manuel María, eigentlich Manuel María Fernández Teixeiro, wurde am 6. Oktober 1929 in Outeiro de Rei (Lugo) geboren und starb am 8. September 2004 in A Coruña.

Er war ein galicischer Dichter und Mitglied der Sprachakademie der galicischen Sprache.

Seine Werke sind fast ausschließlich auf Galicisch und er hat sich von Anfang an durch sein politisches Engagement gekennzeichnet.

Manuel María war der Sohn von zwei Bauern: Antonio Fernández Núñez und Pastora Teixeiro Casanova. 1942 ist er nach Lugo umgezogen, um in der Stadt aufs Gymnasium zu gehen. In Lugo hat er mit nur 20 Jahren angefangen zu schreiben. Er hat an den Vorlesungen der „Jóvenes valores lucenses“ („Junge Talente aus Lugo“) teilgenommen. Dort hat er die Mitglieder des Cafés Méndez Núñez kennengelernt: Luis Pimentel, Ánxel Fole, Juan Rof Codina... Das war sein erster Kontakt mit dem „galleguismo“ (national-politische Ideologie).

In den 1950er Jahren ist er nach Monforte de Lemos (Lugo) umgezogen, wo er als Prozessvertreter gearbeitet hat. In dieser Zeit entstanden die Gedichtsbänder: *Libro de cantigas* (1955), *Cancioneiro de Monforte* (1958), *Documentos personales* (1958), *Libro de pregos* (1962) oder *Mar Maior* (1963),

Seine politische Tätigkeit während der Francodiktatur, führte dazu, dass man einige seiner Werke in Buenos Aires (Argentinien) veröffentlichte, weil sie in Spanien verboten waren.

Nach dem Tod Francos ist er 1979 Stadtrat in Monforte de Lemos geworden. Bis 1985 war er aktiv im Stadtrat, danach hat er sein Amt aufgegeben. Bis zu seinem Tod war er weiterhin politisch tätig. Seine letzten öffentlichen Auftritte sind im Zusammenhang mit der Prestikatastrophe mit Burla Negra und Nunca Máis gestanden.

**Grupo de alemán Básico Intensivo EOI Lugo**

I

Der grüne Schopf der Wasserpflanzen,  
von der Strömung  
dem Stein in die Stirne gekämmt.  
Die Gedanken  
machen das Wasser eisig.

2

Die Linien der Eisränder zeichnen Unruhe auf,  
das Fieber des Schilfs, die Erdbeben der Schnecken.  
Ihre Diagramme werden erwartet.

3

Der Ölleck fuhr hinab wie ein Boot,  
der Schatten der Angel ist vergessen.  
Strömung, Einsicht der Fische –

# FIN DUN VERÁN

---

Günther Eich

# Fin dun verán

Quen quere vivir sen o consolo das árbores!  
Que ben, que tamén participen da morte!  
Os pexegos están recolleitos, as ameixas  
tínguense,  
mentres baixo o arco da ponte o tempo  
murmura.

# Fin dun verán

Ás aves migratorias encomendo a miña  
deseesperación.

Elas miden con serenidade a súa parte da  
eternidade.

As súas rutas migratorias  
fanse perceptibles na follaxe como unha  
forza escura,  
o movemento das ás tingue os froitos.

# Fin dun verán

Hai que saber agardar.

Pronto a escritura das aves será descifrada,  
e baixo a lingua hai un penique para  
saborear.

# ARROIO EN DECEMBRO

---

Günther Eich

# ARROIO EN DECEMBRO

A vexetación verde das plantas na auga  
Que son peiteadas na súa pétreas fronte pola corrente,  
e os pensamentos que tornan a auga en xeo

As liñas bordeantes que reflictan unha inquedanza,  
o carrizo febril, o tremer caracolado na espera  
da súa traxectoria e do seu cauce

Unha mancha oleosa que ascende coma unha balsiña  
As sombras do anzó perdéndose no esquecemento,  
todo iso é o fluír do meu arroio, do meu torrente,  
e é así como os peixiños o comprenden.

# ODER, MEU RÍO

---

Günther Eich

# Oder, mein Fluss

ODER, meu río  
do cal non se atopa a fonte  
no cal se filtran as pinguiñas que veñen das colinas do tempo  
a auga, da nenez.

ODER, meu río  
Chámate unha herba ancha,  
un novembro chuvioso.

# Oder, mein Fluss

O veo que se estende polos campos  
que non distinguen as beiras das pradeiras  
e as da montaña.

As voces dos espigóns e os camiños das  
sirgas nos pastos escintilantes.

As campaíñas de Frankfurt e as lendas das  
montañas.

# Oder, mein Fluss

O ferri en Lebus e a casa,  
xusto a dereita do Oder, onde nacín,  
A forxa en Podelzig e os contos da avoa  
testemuñas de Sternickel  
as barcas que levan lonxe  
como sinais arquexados.

# Oder, mein Fluss

A inquedanza do murmурio do vento,  
e o vento, estraño ao soar do tempo  
o fermento do finamento como adiviña.

As destilerías nas leiras,  
A tristura afogada nelas  
que ven e vai.

En Küstrin víu Federico degolar a Katte.

# PAN

---

Manuel María

# Pan

O pan centeo é un tesouro:

Semella a terra que o deu.

¡É como a terra de mouro

Porque na terra naceu...!

# O MIÑO

---

Manuel María

# O Miño

O Miño é vello e é tristeiro

Sempre vai mudo e vai senlleiro.

No inverno semella que marmura

Un segredo con forte voz escura.

Un escoita atento e espranzado

E o vello miño sempre vai calado.

# NOITE

---

Manuel María

# Noite

A terra colle medo

Cando a noite vén.

A lúa dálle luz,

Outra cousa non ten.

¡Inda que a terra chora

Non o sabe ninguén!

## **Nacht**

Der Boden fürchtet sich,  
wenn die Nacht kommt  
Der Mond beleuchtet sie,  
Er kann nicht anders!  
Obwohl der Boden weint  
Niemand erfährt das.

## **Roggenbrot**

Roggenbrot ist ein Schatz  
Es ähnelt das Land, das ihn gebahr  
Es ist so dunkel, wie das Land  
Weil es aus dem Land kam.

## **Miño**

Der Miño ist alt und traurig  
Er läuft immer stumm und einsam  
Im Winter hört er sich an, als flüsterte er ein Geheimnis  
Mit starker dunkler Stimme.  
Man hört aufmerksam und hoffnungsvoll,  
Und der alte Miño läuft immer still.

# CHINÉS

Manuel María - Ai Qing



**Ai Qing (1910– 1996)**

**Manuel María(1929–2004)**

# 艾青 绿

Semella coma se una tinta verde envorcase,

Tódolos lugares son verdes.

Alá onde busques todo é tan verde:

Verde escuro, verde claro, delicado,

Esmerala, pálido, en pó...

Os verdes escurecen, os verdes fanse inusuáis.

Pablo Alonso Barreiro (Profesor)

Song YuanYuan (Lectora)

Martin Martínez Blanes (Estudiante)

O vento que zoa é verde,

A chuva que cae é verde,

A auga e corre é verde,

O brilar do sol tamén é verde.

Tódolos verdes unidos,

Xúntanse,

Acumúlanse,

Tranquilamente mistúranse.

De súpeto un refacho de vento,

Semellan unha danza adestrada,

Tódolos verdes acumulados,

Ó mesmo tempo flotan xuntos.

## Manuel María 传记

他是 1929 年出生的，出生在 Outeiro de Rei.

他的作品是用加利西亚语写的。

他在 Lugo 上中学

Muñeiro en Brétemas 是他第一本书的名字

他 1959 年跟 Saleta Goy 结婚了

他是 2004 年去世的，去世在 A Coruña.

## **Bibliografía**

*<http://www.casamuseomanuelmaria.gal>*

*<http://pasionporchina.blogspot.com.es>*

*<http://activismolucha.wordpress.com>*

# FRANCÉS

Manuel María - Paol Keineg

## PAOL KEINEG

Paol Keineg é un poeta e dramaturgo bretón nacido en Finistère en 1944.

Licencouse en Letras Modernas na universidade de Bretaña Occidental en 1968. Empezou na docencia como profesor contratado temporal nun Lycée de Morlais e seguidamente nun de Brest. Non se lle renova o contrato en 1972 por motivos políticos. Era militante da Unión Democrática Bretona.

Tras un período no paro, atopa traballo de metalúrxico na reparación naval. Empeza unha formación de soldador en Rennes.

Inmediatamente despois deixa a Bretaña para ir a California. Alí fai pequenos traballos e aprende inglés. En 1977 matrículase na Universidade de Brown. Acaba un doutorado en Letras en 1981. É profesor en Brown e en Duke. Agora vive en Bretaña.

É un dos fundadores da revista *Bretagnes* e, en 1983, da revista *Poésie-Bretagne*.

A súa primeira obra teatral titulada *Le Printemps des Bonnets Rouges* (a primavera das gorras vermelhas) é levada ao escenario en 1973. Tivo éxito nos anos setenta. Conta a historia da revolta dos Bretóns no século de Luís XIV simbolizando nos anos 70 a loita autonomista da Bretaña, loita que xurde tras a Maio do 1968. Dicíase que Charles de Gaulle falaba a maneira de Luís XIV.

O seu último libro de poesía “*Mauvaises Langues*” (Malas Linguas) está escrito en francés e fala do illamento do poeta, da súa mala reputación e da diglosia de Paol Keineg entre o bretón e o francés, lingua dominante finalmente escollida polo poeta para escribir este poemario.

A temática de Keineg céntrase na lingua, na súa reivindicada diglosia, nos animais, no amor. Á idade de 24 anos publica o seu poema máis coñecido, polo que será moitos anos estandarte da loita bretona: *Le poème du pays qui a faim* (1967). Anunciaba a súa entrada na poesía, na aventura da lingua que para el ten dúas caras pois debátese entre dous idiomas, á vez que reivindica a súa diglosia.

Sobre este tema, narra a seguinte anécdota que o retrotrae á súa infancia:

“O neno ten 5 ou 6 anos; é criado en francés polo pai e en inglés pola nai. Móstalle a seu pai un obxecto e pregúntalle como se di, O pai contéstalle. Pero o rapaz impaciente interrómpeo: - Non papá, no outro francés!

O outro francés! Eu medrei con el. Era unha lingua mais non era unha lingua. Cal non foi a miña sorpresa o primeiro día de escola cando me dei conta que ao meu redor moitos só falan o outro francés. Entón empezo a entender de que maneira un se volve obxecto de burla, e cando a vergoña se pega á pel, é para toda a vida.

No instituto, cando na clase de francés falabamos do mar, o profesor insistía sobre a importancia do feminino: “La Mer”. Ar Mor en bretón, i é masculino. Que debo concluír?”

